

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 15 de setembro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Jaime Aneiros Pereira.
D^a. Olga Alonso Suárez

Invitados

D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas e trinta e cinco minutos do día quince de setembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1069).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1070).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE XERENTE DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do 14.03.2015 do xefe dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo, dáse conta da proposta de data 14/03/2015, do alcalde-presidente do Concello de Vigo que a seguir se transcribe:

“Visto o informe do xefe dos Servizos Centrais, de data 14 de setembro de 2015, e de conformidade coa normativa vixente, en especial o preceptuado co artigo décimo primeiro

dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, aprobados por acordo plenario de 6 de setembro de 2010 e publicados no BOP de 6 de outubro de 2010, e o artigo 127.1.i da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, reunido os requisitos legalmente establecidos e en función da súa cualificación profesional, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- “Nomear a D. José Carlos Hernández Figueruelo, con DNI 11.733.979T, como Xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo”.

SEGUNDO.- “Notifíquese este acordo ó interesado, coa indicación de que deberá tomar posesión no prazo de 20 días e de que contra ela cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Publíquese o nomeamento no diario oficial correspondente”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás once horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Isaura Abelairas Rodríguez.